

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026352	IES Brión	Brión	2022/2023

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	11
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	12
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	13
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	14
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	14
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	14
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	15
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	16
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	17
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	18
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	19
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	20
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	21
o) Outros apartados	21

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

### **1.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

A finalidade da educación secundaria obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiren os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

O 1º elemento que conforma o currículo da ESO son os obxectivos que aparecen recollidos no artigo 7 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia que establece que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das

demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Tendo en conta o estudo e as características do alumnado e do entorno permiten destacar unha serie de aspectos que se deben ter presentes na adecuación dos obxectivos e que leva a elixir como prioritarios os seguintes:

- Promover a autonomía persoal e a participación na propia aprendizaxe do alumnado, de maneira que contribúa á construción da súa propia identidade.

- Desenvolver a autoestima no alumnado e afianzar a confianza nas súas propias posibilidades para facilitar unha madurez persoal que lle permita progresar nos estudos posteriores ou entrar na vida laboral como un cidadán útil e formado.

- Como substrato de toda a nosa actividade pedagóxica deberán estar presentes os valores da solidariedade, a tolerancia e a responsabilidade, que contribúan a unha formación no respecto ás persoas, ás súas ideas e crenzas, á formación dunha conciencia social e a saberse parte integrante dunha comunidade de cidadáns libres e iguais. Unha parte moi importante deste compromiso noso é potenciar a igualdade entre os sexos e o logro das mesmas oportunidades para todos. Unha parte desta filosofía fainos apostar, na medida das nosas posibilidades, pola educación compensatoria das deficiencias sociais, familiares e culturais.

- Todas as nosas actuacións como docentes deben estar encamiñadas a fomentar a convivencia, na convicción profunda de que a democracia, como valor social, se aprende desde a infancia. A convivencia é en si mesma un desexo social porque implica que alumnos/as que proceden de situacións sociais e familiares moi distintas comparten na aula unhas mesmas vivencias baixo unhas mesmas normas. Unha parte importante dese afán de superación, que é a base mesma da educación, é o adestramento na adquisición e mellora da responsabilidade persoal, para asumir tarefas cun aumento do protagonismo de cada alumno e alumna.

- Outro dos obxectivos que nos marcamos é o de atender á diversidade que hoxe

presenta o noso alumnado. Recoñecemos que esta realidade esixe novas actuacións e posta en marcha de medidas e estratexias por parte do profesorado, sendo unha das demandas máis urxentes que nos fai a sociedade.

O carácter integral que ha de ter o currículo da ESO, especificado en cada unha das competencias clave e elementos educativos básicos relacionados coa educación en valores leva a considerar que os obxectivos da etapa non son específicos de cada materia, senón un propósito educativo acometido desde a totalidade que, loxicamente, se irá concretando nas programacións didácticas dos Departamentos e na actividade de cada profesor/a.

Sinálanse catro grandes ámbitos orientando os obxectivos ao logro de cada un deles:

1. A realización persoal e social e o exercicio da cidadanía activa.

Asemade, como centro educativo, consideramos preciso destacar os seguintes obxectivos:

1.1. Asumir e exercer responsablemente os seus deberes e dereitos no respecto aos demais, a práctica da tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre persoas e grupos, exercitándose no diálogo, afianzando os dereitos humanos como valores dunha sociedade plural e preparándose para o exercicio da cidadanía democrática.

1.2. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles, rexeitando os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

1.3. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, resolvendo pacificamente os conflitos.

1.4. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

1.5. É unha prioridade potenciar actividades que fomenten e desenvolvan a convivencia e a sociabilidade, considerando que esta é unha temática transversal e unha competencia básica (competencia social e cidadá) na que están implicados todos os axentes da comunidade educativa. O centro e o entorno no que se desenvolven as actividades complementarias e extraescolares constitúen o territorio social no que primeiro hai que facer realidade os dereitos e os deberes cidadáns e practicar a solidariedade, a tolerancia, o respecto mutuo, a non discriminación e a solución non violenta e civilizada dos conflitos.

2. A adquisición dos elementos básicos da cultura nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico.

Co fin de favorecer a adquisición dos elementos básicos da nosa cultura contribuiremos a:

2.1 Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

2.2 Concibir o coñecemento científico como un saber integrado en distintas disciplinas, así como aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

2.3 Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e a dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.

2.4 Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade para disfrutar das obras e manifestacións artísticas.

2.5 Coñecer e valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e individuos, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

As programacións específicas de cada materia contribuirán no desenvolvemento do currículo ao logro dos obxectivos que son máis acordes co currículo específico.

Dedicarase especial atención á biblioteca, como centro de recursos en distintos soportes e formatos (bibliográfico, dixital, audiovisual e multimedia) para poñelos a disposición do alumnado e profesorado como fontes de información, así como ao espazo de aprendizaxe Polo Creativo como espazo manipulativo e de creación tecnolóxica.

As programacións de aula incluírán actividades que fomenten o uso de diferentes fontes de información e incorporarán metodoloxías que familiaricen ao alumnado no uso e manexo das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

3. A incorporación a estudos posteriores, a inserción laboral e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente.

Co fin de que o noso alumnado continúe a súa traxectoria profesional e/ou laboral fomentaranse os seguintes obxectivos:

3.1 Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

3.2 Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

3.3. Favorecer a orientación académica e profesional por medio do do PAT e POAP , establecendo diferentes actividades enmarcadas dentro Plan de Orientación educativa e contando coa colaboración doutros axentes externos que contribúan ao fortalecemento da información proporcionada.

3.4 Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura, en lingua galega e en lingua castelá.

3.5 Comprender e expresarse, polo menos, nunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

4. Desenvolver e consolidar hábitos de traballo e estudo.

O profesorado de todas as materias instruírán ao seu alumnado no exercicio de técnicas de estudo e traballo intelectual adecuadas aos contidos do currículo, e guíaranos na

realización de traballos realizados de forma individual e en grupo.

A metodoloxía e os procedementos de avaliación propostos nas programacións das distintas materias terán en conta o interese e o esforzo, a participación, o traballo individual e en equipo, a iniciativa, a innovación e cantas actitudes positivas axuden á capacidade de aprender a aprender.

Dadas as características do noso alumnado e tendo en conta as competencias clave que se pretende que todo o alumnado consiga ao finalizar a súa ensinanza obrigatoria formúlase como obxectivo básico formar cidadáns activos, con sentido crítico e que manteñan a súa capacidade de aprender de maneira permanente, polo que se considera imprescindible:

a) Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto formais como informais.

b) Manter unha actitude socialmente integradora, desde o respecto profundo ao fenómeno multicultural e que permita a todo o alumnado valorar a propia tradición cultural.

c) Orientar o proceso de ensinanza de cada alumno/a, apostando pola titoría como o camiño máis eficaz e o traballo en equipo do profesorado.

Cada unha das materias contribuirá ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarse como consecuencia do traballo en varias materias.

## 1.2 BACHARELATO

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madurez intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

O 1º elemento que conforma o currículo do BACHARELATO son os obxectivos que aparecen recollidos no artigo 7 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. que establece que o bacharelato a contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

Este obxectivo contribuirá a formar ao alumnado nos seus dereitos e deberes como cidadáns. Animar ao alumnado a implicarse nos procesos internos de elección democrática e noutros foros de representación colectiva. Asumir responsabilidades no funcionamento do centro.

b) Consolidar unha madurez persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

A aparición de conflitos en calquera tipo de relación é inevitable: a prevención e as súas posibles respostas ante a súa aparición son unha tarefa educativa para toda a

comunidade escolar. O noso obxectivo será potenciar a prevención e resolución pacífica dos conflitos persoais, familiares sociais, fomentando entre alumnado a participación activa na vida do centro e colaborando no respecto ás normas e no cumprimento das mesmas, exercendo o papel de mediadores cando sexa necesario

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

É fundamental o desenvolvemento no alumnado dunha conciencia de non discriminación por razón de sexo, valorando o papel da muller na sociedade actual. Participar activamente na integración das minorías, valorando a riqueza da multiculturalidade. Hai que sinalar a responsabilidade principal que deben asumir as familias na transmisión de pautas de comportamento e valores nos seus propios fogares.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Fomentárase a lectura en todas as materias e potenciárase o uso da biblioteca como fonte de recursos. Animárase ao alumnado á participación nos concursos literarios, nas publicacións do instituto e noutras actividades complementarias que propoñen os departamentos

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

A correcta utilización da expresión oral e escrita, tanto na lingua galega como na lingua castelá é un obxectivo que atinxe a todos os departamentos, que deberán consideralo como un obxectivo prioritario e avalialo en consecuencia. Impulsárase a participación do alumnado en actividades complementarias como os concursos de ortografía, literarios e de expresión oral para afianzar o dominio da lingua galega e castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

Este obxectivo implicará a adquisición de coñecementos suficientes para que o alumnado se exprese con fluidez nunha ou máis linguas estranxeiras, tendo en conta a importancia doutras linguas na sociedade actual, nas relacións internacionais, nos medios de comunicación, na publicidade e como un requisito importante á hora da busca de emprego. Tratarase de ensinar estas linguas tanto a nivel oral como escrito, evitando as interferencias coas linguas maternas.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

O alumnado deberá aprender a buscar informacións de todo tipo nas fontes de información que se lle subministre, e tamén pola súa conta, utilizando todos os medios ao seu alcance: prensa, radio, televisión, bibliotecas, mensaxes publicitarios, Internet, etc.. O alumnado debe aprender a seleccionar información de forma crítica, valorando a orixe da mesma, a calidade da fonte, a súa subxectividade e a intención do emisor, polo menos, nun nivel de dificultade adecuado á idade que teñen. O alumnado debe



valorar e respectar a dotación TIC das aulas de bacharelato do centro e a aula virtual do Instituto como instrumento de transmisión de información e de comunicación no grupo, así como facilitador do traballo colaborativo.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

Nunha sociedade cada vez máis individualista, cremos importante que o noso alumnado desenvolva actitudes solidarias e altruístas encamiñadas á mellora do seu entorno social e natural, polo que o centro impulsará o coñecemento e a participación do alumnado en diversas ONGs de carácter social e medioambiental así como en grupos de voluntariado. Fomentárase a participación do alumnado en viaxes de estudo ou culturais e en intercambios con outros países que favorecen e reforzan a aprendizaxe.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

O alumnado achegarase aos coñecementos científicos e tecnolóxicos a través das diversas materias que curse así como poderá afondar nos mesmos participando no STEMBACH. Promoverase tamén o emprego do Polo Creativo, espazo ao redor do cal se vertebra o desenvolvemento da competencia dixital e da competencia STEM da nosa comunidade educativa, promovendo o uso das tecnoloxías dixitais e fomentando a creatividade e a formación do alumnado nun contexto de aprendizaxe competencial

j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

O alumnado deberá apreciar a importancia da aprendizaxe da ciencia e valorar e saber recoñecer as súas achegas ao longo da historia. Deberá habituarse a utilizar nas actividades cotiás os instrumentos e recursos do método científico, valorando a súa aplicación na resolución dos problemas que se lle formulen. Igualmente o alumnado deberá comprender que a ciencia non é un saber estático, xa terminado, senón que é froito da sociedade na que se desenvolve, polo que está sometida a revisión e avance continuos. Por iso é importante que adquiran un punto de vista crítico sobre o papel da ciencia e a súa relación coa sociedade.

Igualmente, o coidado do medio ambiente será obxecto de información e de respecto por toda a comunidade educativa. O coñecemento do entorno que rodea ao noso alumnado debe comezar polo seu ámbito máis próximo para ir contrastando e ampliando noutros medios físicos máis afastados.

Un segundo mecanismo fundamental que o alumnado debe adquirir é o de comprender de que maneira a súa propia acción individual e colectiva é fundamental na conservación e na defensa do medio ambiente, tanto rural como urbano. Este espírito de conservación medioambiental debe expresarse no seu entorno educativo máis próximo, o centro. Trataremos de que expresen tales inquietudes contribuindo a manter o centro nas condicións de orde, limpeza e bo aproveitamento que permitan un traballo á vez eficaz e relaxado. No pode entenderse unha conciencia medioambiental se non se aplica primeiro a pequena escala no propio centro.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

Este obxectivo xoga un papel fundamental na aprendizaxe e formación do noso alumnado, xa que se atopan nunha idade especialmente crítica na formación da súa personalidade adulta e na súa integración na sociedade que lles rodea. Desde esa perspectiva consideramos fundamental o traballo inicial dos titores/as, que deberán contribuír desde o principio a crear un clima comfortable de integración no centro que permita ao alumnado desenvolver a personalidade con autonomía e en relación cordial cos seus compañeiros e compañeiras.

O desenvolvemento da práctica docente deberá insistir na importancia da aprendizaxe do traballo cooperativo, acostumando ao alumnado a compartir criterios, escoitar e valorar os dos seus compañeiros/as, saber transixir e recoñecer as opinións alleas e repartirse o traballo con criterios de eficacia e axudas aos compañeiros/as. Todos os departamentos programarán actividades de traballo cooperativo para que o alumnado comprenda que é un hábito de traballo necesario en calquera actividade humana.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Fomentarase que o alumnado saiba valorar as distintas manifestacións artísticas tendo en conta os seus antecedentes históricos e o contexto en que se desenvolven, a fin de que sexan capaces de formular opinións críticas propias ante calquera tipo de expresión artística, comentando non só os aspectos técnicos e conceptuais das mesmas, senón tamén os seus valores artísticos. Potenciaranse as actividades complementarias e extraescolares (teatro, actividades musicais, obradoiros, exposicións, conferencias, etc.) como fonte de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

O centro fomentará a participación nas actividades deportivas que se organizan no centro, así como en actividades que fomenten condutas e hábitos saudables. Intentarase crear nos alumnos/as hábitos de hixiene e coidado persoal. Especialmente coidarase o traballo de información e formación do alumnado para que adquira hábitos de alimentación correctos e evitar que adopte hábitos prexudiciais para a súa saúde, como o tabaquismo, a inxestión de bebidas alcohólicas e o consumo de drogas.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

Fomentarase a participación nas actividades extraescolares e complementarias que se organizan no centro sobre seguridade viaria e a implicación en proxectos interdisciplinares, así como en programas institucionais sobre este tema e /ou outras actividades programadas na aula ordinaria

o) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

Fomentarase a participación nas actividades extraescolares e complementarias que se

organizan no centro sobre cambio climático e a implicación en proxectos interdisciplinares, así como en programas institucionais sobre este tema e /ou outras actividades programadas na aula ordinaria

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

O alumnado debe tomar conciencia do noso patrimonio histórico e cultural, non só porque axuda a comprender a nosa cultura actual, senón por ser o legado de xeracións anteriores.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

O 2º elemento que conforma o currículo son as competencias básicas que aparecen recollidas nos DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e no DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

As competencias clave poden ser entendidas como desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais. Son a adaptación ao sistema educativo das competencias clave establecidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente, e aparecen recollidas no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico. Esta adaptación responde á necesidade de vincular as devanditas competencias aos retos e aos desafíos do século XXI, así como ao contexto da educación formal e, máis concretamente, aos principios e aos fins do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias que conforman o currículo son:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

As programacións didácticas dos diferentes departamentos didácticos inclúen aqueles aspectos que contribúen á consecución das competencias clave por parte de todo o alumnado. Na avaliación final de cada curso da ESO e BACHARELATO realízase unha valoración das competencias clave. Os resultados desta avaliación das competencias exprésase nos termos de: insuficiente (IN) | suficiente (SU) | ben (BE) | notable (NT) | Sobresaliente (SB).

O equipo docente do IES de Brión tamén fomentará a consecución das competencias clave do alumnado por medio de estratexias como: a planificación de tarefas, proxectos interdisciplinares e colaborativos, e que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para a cualificación das competencias básicas partírase das porcentaxes de contribución de cada materia á consecución da mesma tendo presente os descritores operativos.

Os descritores operativos de cada unha das competencias clave constitúen o marco referencial a partir do cal se concretan os obxectivos das diferentes materias. Esta vinculación entre descritores operativos e obxectivos propicia que da avaliación destes últimos poida colixirse o grao de adquisición das competencias clave esperadas, xa que logo, a consecución das competencias e dos obxectivos previstos para a etapa.

As competencias clave da etapa, así como os descritores operativos do grao de adquisición destas que estea previsto ao finalizar a etapa, interpretaranse de acordo coas definicións contidas no anexo I do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A cualificación de cada competencia calcularase usando unha folla de cálculo, onde se recollen os pesos cos que cada materia contribúe á competencia correspondente (Para elaborar estes pesos empréganse as táboas do ANEXO II dos correspondentes decretos, que relacionan os obxectivos de cada materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída establecidos no anexo I.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaránse en todas as materias.

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito. Este aspecto ven recollido no Plan de Convivencia do centro

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente. Este aspecto ven recollido no

### Plan de Igualdade do centro

Ademais de este tratamento específico que se recolle nas diferentes programacións didácticas de cada área/materia, o IES de Brión contempla as seguintes estratexias para o tratamento dos elementos transversais:

- Incorporación na oferta educativa do centro de optatividade e Proxectos Competenciais que afonde no tratamento de estos elementos transversais.
- Celebración e actividades relacionadas coas datas conmemorativas do calendario: día contra a violencia de xénero; día dos dereitos humanos; día da muller e da ciencia; día da paz, etc.
- Realización de campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, solidariedade; inmigración, etc.
- Realización de obradoiros e actividades complementarias e extraescolares específicas.
- Participación en proxectos e programas que afondan no tratamento de estos elementos transversais (PLAMBE, CONTRATO PROGRAMA, PLAN PROXECTA,..)

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

O 3º elemento que conforma o currículo é a metodoloxía. As propostas metodolóxicas teñen que por especial énfase no acceso de todo o alumnado a educación básica e atención á diversidade de alumnado. Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas.

Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II dos Decretos da ESO e bacharelato para cada unha das materias ou dos ámbitos.

Na súa práctica docente, o profesorado do IES de Brión atenderá aos principios pedagóxicos que inspiran as ensinanzas do currículo e á didáctica específica das materias que imparte, pero a continuación recóllense unha serie de criterios metodolóxicos xerais que cada departamento concretará nas diferentes programacións didácticas, isto é estratexias metodolóxicas que contribúan a:

- ¿ Evitar o uso de modelos de ensino-aprendizaxe baseados exclusivamente na no método memorístico non significativo.
- ¿ Axustar o nivel inicial do que parte o alumnado.
- ¿ Potenciar a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado.
- ¿ Conceder importancia á comprensión lectora.
- ¿ Promover o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula

- como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- ¿Establecer estruturas de aprendizaxe cooperativa e estratexias interactivas que permitan dinamizar as sesións de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de ideas.
  - ¿ Promover o traballo por proxectos, multitarea, clases invertidas e outras metodoloxías activas.

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollen os diferentes recursos e materiais didácticos que son utilizados nas diferentes materias/cursos, e que serán seleccionados polos departamentos en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos neste documento.

- A edición e adopción dos materiais curriculares, incluídos, no seu caso, os libros de texto (fomato papel e dixital) deberán adaptarse ao rigor científico adecuado ás idades de do alumnado e ao currículo establecido na normativa vixente. Así mesmo, deberán reflectir e fomentar o respecto aos principios, valores, liberdades, dereitos e deberes constitucionais.

- Os libros de texto (formato papel e dixital) adoptados para un determinado curso non poderán substituírse por outros durante un período mínimo de seis anos. Excepcionalmente e por razóns debidamente xustificadas, os libros de texto poderán substituírse antes dos seis anos, previa autorización da Consellería de Educación.

Na última reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica de cada curso aprobarase a relación de libros de texto para o curso seguinte (fundamentando calquera cambio que deba ser adoptado por causas xustificadas) que, a partir do día seguinte, será publicada na páxina web nos taboleiros de anuncios do centro.

#### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

O centro ofrece as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º)
- Programa PDC: en 3º e/ou 4º
- 1º e 2º de Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Humanidades e Ciencias Sociais (nesta modalidade o alumnado poderá optar por dous itinerarios: o de Humanidades ou o de Ciencias Sociais).

Nos anexos figuran os itinerarios formativos que o centro ofrece na ESO e Bacharelato

#### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

O IES de Brión conta cun departamento de actividades complementarias e extraescolares cuxa xefatura está exercida pola vicedirección do centro. A comezos do curso académico o departamento de actividades extraescolares e complementarias e os diferentes departamentos didácticos do centro e/ou o equipo de biblioteca e o de normalización lingüística, realizarán na comisión de coordinación pedagóxica as súas

propostas de actividades complementarias e extraescolares que se recollerán na programación xeral anual e nas respectivas programacións didácticas.

1. Considéranse actividades complementarias as organizadas polo centro durante o horario escolar, de acordo coa programación xeral anual, e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazos ou recursos que se utilizan.

2. Considéranse actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro á súa contorna e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre.

Segundo o artigo 88.1 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Orde do 1 de agosto de 1997 sobre Instrucións para o desenvolvemento do R.O.C. Art. 8, 20 a 26, 55, 56, 66, 80, as actividades complementarias e extraescolares son voluntarias e requirirán da autorización previa por escrito dos pais/nais ou tutores, sempre que se desenvolvan fóra do centro. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender o alumnado que non participe nelas. Asemade as actividades complementarias que se consideren necesarias para o desenvolvemento do currículo deberán programarse e realizarse de forma que non supoñan discriminación por motivos económicos.

Á hora de planificar, deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares do curso académico todos os departamentos implicados terán presente as seguintes directrices xerais:

¿ Priorizar as actividades propostas a principio de curso aprobadas polo Consello Escolar xunto coa programación xeral anual, pero permitiranse tamén actividades con datas pechadas que non se coñecían nese momento, ou actividades convocadas por institucións con posterioridade á elaboración das programacións.

¿ Vinculación das actividades cos contidos do currículo educativo das diferentes materias/ cursos/etapas.

¿ Transversalidade das actividades entre diferentes departamentos e/ou entidades socioculturais.

¿ Fomento de actividades de proximidade na contorna do centro educativo.

¿ Gratuidade da actividade ou redución dos custos da mesma.

En 4º ESO deseñárase unha viaxe cultural de fin de etapa de varios días a proposta dos departamentos didácticos. En caso de non habela ou de non considerarse adecuada a esa finalidade, terá prioridade e será única a organizada de xeito centralizado desde a Vicedirección.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de

reforzo en cada unha desas materias e destinado a súa recuperación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamentodidáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

**i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o alumnado que repita un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas

Este plan elaboraráo o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.



En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN

Despois da publicación do Real Decreto 984/2021, de 16 de novembro, por el que se regulan la evaluación y la promoción en la Educación Primaria, así como la evaluación, la promoción y la titulación en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato y la Formación Profesional (BOE 17/11/2021) e da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11/02/2022) procede a modificación dos criterios de promoción e titulación para o curso escolar 2021/2022 e seguintes, e coa concreción adoptada polo claustro deste centro o 6 de abril de 2022

#### Educación Secundaria Obrigatoria Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

#### Educación Secundaria Obrigatoria - Titulación.

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise a competencias establecidas.

c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

#### Bacharelato - Promoción.

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

#### Bacharelato - Titulación.

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerárase a nota numérica obtida na materia non superada.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

#### Educación Secundaria Obrigatoria ¿ Matrícula de honra.

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención

de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:

a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 4º curso de ESO.

b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.

c. De persistir o empate, terase en conta o número de decas, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no cuarto curso.

d. De continuar, terase en conta o número de decas, noves, oitos, e/ou setes, obtidos na etapa.

#### Bacharelato ¿ Matrícula de honra.

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e

establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos. En consecuencia, establécese:

- a. Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.
- b. En caso de empate despois de aplicar o primeiro criterio, desfarase o mesmo recorrendo á nota media de toda a etapa.
- c. De persistir o empate, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos no segundo curso.
- d. De continuar, terase en conta o número de deces, noves, oitos, e/ou setes, obtidos na etapa.

### **I) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

Os diferentes departamentos didácticos do IES de Brión desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia / curso. Estas programacións didácticas son públicas e están a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro.

Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento. As programacións serán entregadas antes do inicio das actividades lectivas á Xefatura de estudos para o seu envío ao Servizo de Inspección Educativa.

As programacións didácticas das diferentes materias incluírán como mínimo os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais.
  - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Dende o IES de Brión potenciarase a participación en proxectos, plan e programas nos seguintes ámbitos:

#### **ÁMBITO DA CONVIVENCIA**

##### **OBXECTIVOS:**

- Mellorar a convivencia no centro.
- Mellorar a comunicación entre o profesorado e co alumnado e familias.
- Promover a interacción, a coordinación, o intercambio de experiencias e o traballo en equipo entre o profesorado.
- Promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Promover proxectos e programas encamiñados cara a acadar unha boa convivencia no centro.

A través das seguintes liñas:

LIÑA DE ACTUACIÓN: CONVIVENCIA

LIÑA DE ACTUACIÓN: IGUALDADE

#### **ÁMBITO DA INNOVACIÓN EDUCATIVA E A EXCELENCIA**

##### **OBXECTIVOS:**

- Potenciar e promover a biblioteca escolar como biblioteca LIA coa súa ampliación e reorganización con espazos diferenciados para a creación audiovisual e a experimentación.
- Fomentar procesos e proxectos de innovación e investigación educativa, potenciando o traballo cooperativo do profesorado e das boas prácticas docentes.
- Promover proxectos e programas encamiñados a unha Excelencia académica. (STEMBACH, Polo Creativo, CPIInnova)

A través das seguintes liñas:

LIÑA DE ACTUACIÓN: BIBLIOTECA ESCOLAR

LIÑA DE ACTUACIÓN: INNOVACIÓN EDUCATIVA

LIÑA DE ACTUACIÓN: EXCELENCIA EDUCATIVA

#### **ÁMBITO DA DIVERSIDADE**

##### **OBXECTIVOS:**

- Impulsar as medidas de atención á diversidade a nivel de centro.
- Promover o teatro Musical, como un espazo creativo que integra ao alumnado de diferentes idades e con todo tipo de capacidades dentro dun proxecto común, facendo que se sintan parte dun equipo como iguais, fomentando as súas habilidades e rompendo barreiras nos seus límites autoimpostos.

A través das seguintes liñas:

LIÑA DE ACTUACIÓN: ATENCIÓN A DIVERSIDADE

LIÑA DE ACTUACIÓN: INCLUSIÓN TEATRO MUSICAL

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

A concreción curricular do IES de Brión debe e ser revisada e avaliada para comprobar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e analizar o desenvolvemento das actuacións programadas, así como para facer as modificacións pertinentes. A avaliación realizarase anualmente de forma paralela ao do Plan de Mellora e á elaboración da Memoria Anual.

A avaliación realizarase, principalmente, a tres niveis e temporalizada da seguinte forma:

1. Primeiro nivel: Por medio dos departamentos didácticos con periodicidade trimestral.
2. Segundo nivel: Pola comisión de coordinación pedagóxica á que se levarán as conclusións e suxestións dos departamentos didácticos.
3. Terceiro nivel: Polo consello escolar, ao finalizar o curso, partindo das conclusións observadas nos niveis anteriores e das que o mesmo contemple e determine co fin de establecer as posibles propostas de mellora.

Todas estas conclusións reflectiranse na memoria final do curso.

A concreción curricular do IES de Brión estará publicada na páxina web do centro para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade educativa. Faraselle chegar tamén a ANPA.

Na secretaría haberá tamén unha copia en formato papel, a cal non se poderá sacar do centro, a disposición de calquera persoa que solicite consultalo.

O equipo directivo encargárase de dar a máxima publicidade posible a concreción curricular entre o profesorado e demais membros da comunidade educativa e empregaranse as reunións docentes, as reunións con pais e nais, as titorías de alumnos, etc., para levar a cabo este cometido.

#### **o) Outros apartados**

##### **1. Outros apartados**

Non procede